UNIDADE DIDÁCTICA 8. A GALICIA ACTUAL (2ª AVALIACIÓN, 4ª QUINCENA)

ÍNDICE

1. A TRASICIÓN CARA Á DEMOCRACIA

1.1. OS MOVEMENTOS ANTIFRANQUISTAS NA FIN DA DITADURA

1.1.1. Os partidos políticos na clandestinidade

1.1.2. Os movementos sociais

1.1.3. Da morte de Carrero Blanco á de Franco. A fin dun réxime

1.2. O CAMIÑO CARA Á DEMOCRACIA

2. O PROCESO AUTONÓMICO

2.1. A PREAUTONOMÍA

2.2. A ELABORACIÓN DO ESTATUTO

2.3. O REFERENDO E O NACEMENTO DA AUTONOMÍA

3. A EVOLUCIÓN POLÍTICA DA GALICIA AUTONÓMICA

3.1. O PRIMEIRO GOBERNO AUTÓNOMO

3.2. O SEGUNDO GOBERNO ALBOR E A EXPERIENCIA DO TRIPARTITO

4. GALICIA NA UNIÓN EUROPEA: AS CONSECUENCIAS DA SÚA INTEGRACIÓN

4.1. OS EFECTOS SOBRE AS ACTIVIDADES FUNDAMENTAIS DA ECONOMÍA GALEGA

4.1.1. O sector agrario

4.1.2. A pesca

4.1.3. A construción naval

4.2. A CHEGADA DOS FONDOS ESTRUTURAIS E DE COHESIÓN

4.3. A EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

5. BIBLIOGRAFÍA

1. A TRASICIÓN CARA Á DEMOCRACIA

Galicia mantiña a fins da ditadura franquista un considerable atraso económico e social a respecto do conxunto do Estado. Durante estas case catro décadas, o noso país afondou o proceso de perda de peso demográfico relativo no total español, aspecto que se intensificou especialmente a causa do fenómeno da emigración na década dos 60 até a crise de 1973. A esta perda de efectivos uníase as baixas taxas de natalidade, co que o crecemento vexetativo, aínda que positivo, era moi inferior ao rexistrado en España.

A inicios da Transición Galicia continuaba a ser un país maioritariamente rural, acollendo as cidades e vilas só o 30% da poboación. Iniciarase unha tendencia, que continúa até a actualidade, de despoboamento do interior, máis ruralizado, cunha concentración da poboación no eixe costeiro atlántico. O desenvolvemento económico que se produciu en España dende os anos 60 foi perceptible na nosa terra, mais os seus efectos foron insuficientes para corrixir o atraso relativo do noso país. Malia o proceso de industrialización do "desarrollismo", a orientación da política económica do Estado foi instalar en territorio galego industrias dedicadas á produción de enerxía, principalmente eléctrica, ou materias primas, que creaban moi poucos postos de traballo en relación ao capital investido (público e privado). Houbo dúas excepcións, a instalación da factoría Citroën-Hispania en Vigo e a especialización da comarca de Ferrolterra na construción naval. Mais o escaso desenvolvemento das infraestruturas non axudaban estas actividades, co que no inicio da Transición Galicia ten un panorama laboral moi marcado pola poboación activa do sector primario.

O crecemento económico, malia as súas eivas, veu acompañado dun desenvolvemento urbano, cunha sociedade que comeza a mudar a medida que as cidades crecen, asumindo novos valores e costumes que nin o poder político nin o innegable peso da xerarquía eclesiástica puideron impedir.

1.1. OS MOVEMENTOS ANTIFRANQUISTAS NA FIN DA DITADURA

1.1.1. Os partidos políticos na clandestinidade

A principios dos anos 70, tanto en Galicia como en España a dereita política seguía monopolizada polos políticos da ditadura, partidarios ou non da introdución de reformas no réxime. Deste xeito, quen asumían posturas contra o réxime integraban forzas políticas da esquerda.

Estes grupos de esquerda antifranquista fóronse mobilizando dende a clandestinidade, ás veces infiltrando os seus membros na organización sindical do réxime, mais fundamentalmente coa creación de ateneos, clubs, asociacións culturais e veciñais, librarías e mesmo centros de cristiáns progresistas.

Grupo Brais Pinto

O *Partido Comunista* (PCE) era a organización que mantivo unha mellor organización na época da clandestinidade. Coa creación

de Comisións Obreiras (1967) conseguiu unha rápida extensión entre os traballadores urbanos. Foron moderando os seus posicionamentos, intentando penetrar nas clases medias e nos restantes grupos sociais. Até a aparición da UPG, a mediados dos anos 60, non amosaron ningún interese especial pola cuestión autonomista, que posteriormente apoiarían abertamente.

A pluralidade e a falta de organización é o que caracteriza o socialismo democrático galego nesta etapa. Tanto o PSOE como a UGT tiñan unha presenza testemuñal na nosa terra, comezando a reorganizarse a partir de 1974.

No que respecta ao eido nacionalista, os poucos militantes que sobreviviran no PG centraron os seus esforzos no labor cultural arredor da Editorial Galaxia, que fundaron en 1950. A finais desta década vai aparecer unha nova xeración política que asume os postulados nacionalistas mais dende posicionamentos da esquerda. Isto supón unha mudanza ideolóxica radical co que se viviu durante a II República. Aquí poderíamos mencionar ao grupo "Brais Pinto", discípulos de Ramón Piñeiro. Posteriormente nacerá en 1964 a *Unión do Povo Galego* (UPG), pensada inicialmente coma unha fronte patriótica e revolucionaria, á maneira das frontes de liberación nacional do Terceiro Mundo. Cun perfil ideolóxico aínda sen definir, até a década dos 70 tivo unha implantación social moi pequena, cando funda a súa organización obreira e o seu sindicato estudantil. Outra forza política nacionalista, cunha orixe diferenciada, vai xurdir: o *Partido Socialista Galego* (PSG). De orientación socialdemócrata, manifestará claramente a súa vocación nacionalista a partir dos anos 70 cando se poña á fronte da organización X. M. Beiras, converxendo parcialmente os seus obxectivos cos da UPG.

1.1.2. Os movementos sociais

Os movementos sociais van estar moi relacionados cos partidos políticos, xa dependentes deles, xa porque os partidos políticos se impliquen no apoio das diferentes asociacións, sindicatos, movementos veciñas ou estudantís que se están a crear nesta época.

Durante o tardofranquismo, os movementos sociais que tiveron unha maior repercusión política foron o **obreiro** e o **universitario**. Vinculados a estes van xurdir as reivindicacións ecolóxicas e feministas.

En 1966 fúndanse as *Comisións Obreiras de Galicia*, encabezando nos anos posteriores conflitos laborais, cada vez máis frecuentes, especialmente nas zonas de maior concentración obreira (Ferrol, A Coruña e Vigo). Mostra do seu crecemento é a celebración da súa I Asemblea Nacional de Galicia en 1970, na que se percebe o peso do PCE na súa estrutura. Un momento chave vai ser a folga e a manifestación do 10 de marzo de 1972 no Ferrol, que vai acabar coa morte de dous obreiros (Amador Rey e Daniel Niebla) e máis dunha vintena de feridos, coa conseguinte folga xeral en Vigo. De menor importancia era a presencia da Unión Sindical Obreira (USO), da UGT ou do sindicalismo nacionalista, que non se organiza até mediados dos anos 70.

Monumento conmemorativo dos sucesos do 10 de marzo de 1972. O Ferrol

No que atinxe ao movemento universitario, os estudantes de Santiago incorporáronse ao movemento xeral contra a ditadura en marzo e abril de 1968. Unha disputa de orixe puramente académica derivou en política, organizándose asembleas e folgas que as forzas públicas reprimiron, o que levou mesmo aos párrocos de Santiago a ler unha carta na misa dominical cun apoio tácito ao estudantado (posteriormente desautorizándoa o propio arcebispo). A partir deste momento o movemento universitario vaise organizar, aumentando a conflitividade a partir do curso 1969-70, estourando no ano 1972 ao se unir reivindicacións académicas e políticas, o que levou a unha sucesión continúa de manifestacións e folgas e á expulsión dos profesores que apoiaron aos manifestantes. A tensión chegou a tal extremo que nin o cambio de reitor mellorou a situación, véndose agravada polo asasinato dun estudante de Medicina, José M. Fuentes, explicada pola forza pública coma un erro. No 1973 o curso non comezou até xaneiro, rematando cunha folga xeral a partir de maio, contra a nova selectividade e a prol da democracia, situación que se repetiría en 1974-75.

Mobilizacións estudantís na Universidade de Santiago en 1968

1.1.3. Da morte de Carrero Blanco á de Franco. A fin dun réxime

O atentado de ETA que acabou coa vida do entón presidente do goberno, Carrero Blanco, puxo fin á posibilidade de que o réxime franquista continuase despois da morte do ditador. A oposición comezou a reorganizar as súas forzas na espera dos acontecementos.

A política continuísta de Arias Navarro acentuou o descontento das forzas da oposición, que reafirmou a súa presión nas rúas. O movemento antifranquista obtía máis apoios nas clases medias e profesións liberais, ante un réxime que apartaba aos máis reformistas nun desesperado intento de manterse nos principios básicos "*del Movimiento*", mesmo impondo o estado de sitio en Biscaia e Guipúscoa, co que os aperturistas perderon toda esperanza nunha reforma do réxime. En Galicia, liderada polo PCG constituíuse en Viana do Castelo unha Xunta Democrática baixo o lema "*Pacto pola Liberdade*", que propugnaba a creación dun goberno provisional no Estado, así como a recuperación do Estatuto de Autonomía. Mentres o PSOE abría en Galicia unha sucursal da plataforma que crearan no Estado, e o nacionalismo galego avanzaba con criterios dispares: o PSG uníase a plataformas estatais, buscando unha maior implantación social en Galicia, mentres que unha UPG moi radicalizada establecía contactos con ETA ou coa LUAR portuguesa na busca de crear unha forza

armada, que resultou un fracaso co asasinato de Moncho Reboiras en 1975. Mais o que si triunfou foi a súa vertente política, coa creación da AN-PG, que vai manter a hexemonía dentro do nacionalismo galego dende ese momento.

1.2. O CAMIÑO CARA Á DEMOCRACIA

En Galicia, fronte ao acontecido nas outras dúas nacionalidades históricas, as forzas de oposición democrática non foron capaces de articular unha plataforma conxunta para a defensa da autonomía por riba doutra consideración partidista. Os sectores galeguistas do centro-dereita non foron capaces de constituír unha forza política galega, acabando por se integrar nas diferentes forzas estatais.

Mentres, entre as forzas de esquerda o PCG e o PSOE lideraban cadansúa plataforma, ás que se unían as outras forzas de esquerda, mentres que a UPG promovía outra. As diferenzas de estratexia eran claras: a "*Táboa Democrática de Galicia*", auspiciada polos comunistas, defendía a reforma democrática, un goberno autónomo transitorio que partise do Estatuto do 36. Pola súa banda, o "*Consello de Forzas Políticas de Galiza*", liderada pola UPG, era partidario da apertura dun proceso constituínte galego e do inmediato dereito de autodeterminación para Galicia, co fin de constituír un futuro estado de carácter federal. Mais o Consello vai sufrir un proceso de escisións e expulsións dentro das súas forzas, ficando a UPG como unha forza que vai reclamar para si o monopolio do "auténtico nacionalismo", abandonado os procesos de alianzas.

Os partidos de base estatal tentaron consolidar as súas bases de apoio en Galicia. A UCD, que carecía dunha organización territorial na nosa terra, estruturouse a partir do apoio de baróns que tiñan un forte apoio nas súas respectivas provincias. Van obter uns importantes resultados electorais, mais carecerán dunha base territorial sólida. A *Alianza Popular* (AP) fundada por M. Fraga, seguirá unha estratexia semellante, mais cunha dinámica onde os diferentes líderes estarán en constante loita pola súa xerarquía e que terán unha orientación moito máis de dereitas, deixando o centro político para a UCD. Pola súa banda, o PSOE contaba cunha mínima organización en Galicia que pronto se foi desenvolvemento, xogaron un importante papel os seus líderes locais, como Francisco Vázquez, elixido como secretario xeral; a existencia de fortes personalismos condicionou o seu crecemento electoral.

A. Rosón, 1º Presidente da Xunta preautonómica

As eleccións lexislativas de 1977 consolidaron o peso das forzas estatais e conservadoras en Galicia, obtendo a UCD máis da metade dos escrutinios e un total de 20 escanos, con AP con 4 escanos e o PSOE que, malia ser a segunda forza máis votada, só obtivo 3 actas. O nacionalismo non conseguiu obter ningún representante, o que provocou unha crise dentro da UPG, da que vai nacer un novo partido, o POG. As lexislativas de 1979 ían confirmar a preponderancia das forzas estatais, e aínda que non conseguiron representación, o nacionalismo de esquerdas, representado por UG e o BN-PG viu crecer o seu electorado, aínda que o posicionamento ante o novo Estatuto marcaría novas diferenzas no seo destas forzas políticas.

2. O PROCESO AUTONÓMICO

2.1. A PREAUTONOMÍA

En Galicia existían tres posturas ante o proceso autonómico:

- A dereita de Alianza Popular quería o mantemento do sistema introdución unha leve descentralización administrativa.
- O groso do centro e da esquerda (UCD, PSOE, PSP, PCG e o galeguismo de centro) estaba disposto a aceptar a recuperación do Estatuto de 1936 ou algo semellante.
- O nacionalismo de esquerda apostaba polo dereito de autodeterminación.

A presión nas rúas forzara ao goberno central a restablecer xa en 1977 a *Generalitat* de Cataluña e a conceder a primeiros do ano seguinte a preautonomía a Euskadi. A estas decisións sucedeulle unha concesión de preautonomías a esgalla o que supuxo que cando se aprobou a Constitución xa estaba trazado o mapa autonómico.

En Galicia, a Asemblea de Parlamentarios apostou decididamente por que na nosa terra se alcanzase tanta autonomía como os que máis, mais sen a receptividade do goberno central, polo que as diferentes forzas políticas botáronse á rúa para reclamar unha autonomía de Galicia, convocando grandes manifestacións nas principais cidades o 4 de decembro de 1977.

Finalmente a Galicia foille concedida a preautonomía polo Real Decreto-lei 7/1978 de 16 de marzo, un día antes de que establecesen as de Aragón, Canarias e Valencia, co que se respectaba a cronoloxía da II República, ficando Galicia dentro das “tres nacionalidades históricas” fronte á masa das demais “rexións”.

Manifestación a prol do Estatuto, en Vigo

En abril de 1978 constitúese unha Xunta de Galicia provisoria, que se buscou que fose o máis representativa posible. Foi máis difícil atopar a unha persoa de consenso para encabezala, mais ao final elixiuse ao membro da UCD Antonio Rosón como primeiro presidente da Xunta preautonómica, que formou un goberno integrador con parlamentarios da UCD, PSOE e AP. Unha das primeiras medidas foi facer un chamamento á sociedade galega para colaborar na redacción dun anteproxecto de Estatuto. Con todo, a efectividade desta Xunta, que nin sequera tiña sede propia nin apenas funcionarios era máis simbólica que real.

Coa aprobación da Constitución de 1978, España configúrase como un Estado "autonómico" ou das "autonomías", que se sitúa a medio camiño entre un Estado centralista e un federal. Aínda que dende o punto normativa a Constitución só recoñece a existencia da nación española e das comunidades autónomas, dende o punto de vista das denominacións fai unha relación de nación española, rexións e nacionalidades históricas (Cataluña, Euskadi e Galicia), diferenciación que só ten un valor simbólico. Estes territorios, que plebiscitaran afirmativamente os seus Estatutos durante a II República, poden acceder ao autogoberno segundo o artigo 151 da Constitución: unha asemblea de parlamentarios elaboraría un proxecto, que sería discutido e aprobado nas Cortes, sendo posteriormente sometido a referendo neses territorios. As futuras autonomías terían maiores competencias do que estivera previsto para a Constitución de 1931, que serían financiadas polas aportacións do goberno central.

2.2. A ELABORACIÓN DO ESTATUTO

Aprobada a Constitución, o presidente Rosón acordou nomear unha comisión, que tivese o maior grao de consenso sociopolítico, para a elaboración dun proxecto de Estatuto. Coñecida como a *Comisión dos 16*, acolleu a representantes de todas as forzas parlamentarias e dalgunhas extraparlamentarias. O nacionalismo galego ficou dividido en dúas faccións, entre os que apoiaron o traballo da Comisión (POG, PG e PTG) e os que se opuxeron (UPG, ANPG e PSG),.

A *Comisión dos 16* presentou aos tres meses un proxecto de Estatuto, mais, segundo indica o profesor Beramendi, o goberno central da UCD non estaba polo labor de colocar a Galicia á par das outras dúas nacionalidades históricas, querendo dividir o Estado entre territorios plenamente autónomos (Cataluña e Euskadi) e o resto, cunha autonomía limitada. Deste xeito, a UCD non apoiou o proxecto presentado e estableceu unha nova comisión que establece o anteproxecto oficial do Estatuto, esta vez só coa participación de 6 membros da súa coalición, dous do PSOE e un do CD. Posteriormente, Rosón é substituído como presidente por Xosé Quiroga, cunha posición menos autonomista na liña da dirección de Madrid.

O novo anteproxecto foi aprobado por unanimidade na Asemblea de Parlamentarios o 25 de xuño de 1979, agás na cuestión da capitalidade, que quedou aberta. Malia os cambios producidos, o proxecto establecía unha autonomía equiparable á concedida a Cataluña. Agás os nacionalistas partidarios da autodeterminación, o texto que tres días máis tarde se presentou no Congreso dos Deputados contaba co apoio maioritario das forzas políticas galegas.

A tramitación do proxecto nas Cortes confirmou que a UCD pretendía recortar o grao de autonomía, deixándoo nunha descentralización meramente administrativa. O novo texto estatutario foi aprobado unicamente cos votos a facer dos centristas. A partir deste momento, a opinión pública, mobilizada polos medios de comunicación e por un activo grupo de intelectuais e galeguistas históricos integrados no colectivo *Realidade Galega* (R. Piñeiro, García Sabell, Fernández Albor, Díaz Pardo, etc.), conseguiu paralizar a tramitación deste Estatuto durante nove meses e frear a estratexia de Madrid.

Finalmente, o coñecido como *Pacto do Hostal* (29 de setembro de 1980) conseguiu desbloquear a situación, chegándose a un acordo entre a UCD, CD, PsdeG-PSOE, PCG e PSG para sentar as bases dun novo acordo estatutario. O novo proxecto foi aprobado pola Asemblea de Parlamentarios de Galicia o 1 de outubro e publicado no Boletín Oficial das Cortes o 4 de novembro. Nel incorporaban amplas modificacións ao que quixo impor en solitario a UCD.

2.3. O REFERENDO E O NACEMENTO DA AUTONOMÍA

O lema "*Anque chova, vota. Pídecho Galicia*" presidiu a campaña electoral do referendo que foi convocado para o 21 de decembro de 1980. Entre os partidarios do si dirimiuse unha loita por quen apoiara máis a consecución da autonomía, mentres que as forzas nacionalistas, moi divididas, optaron entre pedir o non ou votar en branco. O referendo contou cunha participación ínfima, do 28,3%, dos cales un 72,6% votaron a favor do novo Estatuto. Este grande abstención pode ser explicada porque a dereita e grande parte da UCD non se esforzaron en animar a participación, mentres que o groso das forzas nacionalistas se opuxeron.

Publicidade institucional do Referendo do Estatuto de Galicia

As principais características do Estatuto de 1980 son as seguintes:

- Galicia é definida como unha "nacionalidade histórica" que se constitúe como "Comunidade Autónoma" de acordo coa Constitución.
- O territorio galego está conformado polas catro provincias, sendo considerados galegos todos os cidadáns españois residentes en Galicia, así como os galegos residentes noutros Estados e que non perderan a nacionalidade española.
- O artigo 5 afirma que o galego é "a lingua propia de Galicia", e como tal deberá ser defendida e promovida polos poderes públicos, e instaura a súa cooficialidade co castelán. Sendo a lingua propia de Galicia, non se establece o deber de coñecer e usar o galego, unha clara asimetría co castelán, que pola Constitución é de obrigado coñecemento en todo o territorio do Estado.

- Os poderes autonómicos estrutúranse nun poder lexislativo unicameral, o Parlamento, elixido por sufraxio universal directo; un poder executivo, ou Xunta; e un poder xudicial encabezado polo Tribunal Superior de Galicia. É o Parlamento quen elixe á Xunta por maioría, correspondéndolle ao Presidente da Xunta a elección dos seus Conselleiros. Como nas outras autonomías rexidas polo art. 151, o Presidente ten a facultade de disolver o Parlamento e convocar eleccións anticipadas.
- Entres as múltiples competencias, destacan: a organización territorial de Galicia e as institucións de autogoberno; a regulación e a administración do ensino e da sanidade; a planificación económica e a xestión do sector público da economía galega; a ordenación do territorio; as obras públicas, as augas minerais; o patrimonio histórico-artístico de non ser de titularidade estatal; a promoción de o ensino da lingua galega, o fomento da cultura; etc.

Polo que se refire ao financiamento, o Estatuto recollía que Galicia participase do réxime xeral, recibindo a grande parte dos fondos das transferencias da Facenda central, o que supuña que a súa autonomía financeira era practicamente nulo.

2.4. DO ESTATUTO ÁS PRIMEIRAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS

Camiño das primeiras eleccións autonómicas, o mapa político galego seguía moi convulso. A UCD vivía unha descomposición no conxunto do Estado, división interna que tamén era palpable en Galicia, con enfrontamentos públicos entre os seus principais líderes. O nacionalismo presentábase dividido e con continuas mutacións nas forzas políticas: nacía EG, que abandonaba os posicionamentos frontistas, mentres que se reforzaba a alianza entre o PSG e o BNPG e o PG camiñaba só.

Sede do Parlamento de Galicia. Santiago de Compostela

Alianza Popular elixía como candidato a Fernández Albor, membro de Realidade Galega, co que pretendía amosar un novo perfil político: un conservadurismo moderado e tepedamente galeguista, aínda que o conxunto dos cadros da formación seguían a ser xente pertencente aos cadros políticos da ditadura. Pola súa banda, entre os partidos da esquerda estatal, o PCG continuaba inmerso en

loitas internas e escisións, fronte a un PsdeG-PSOE que se presentaba cunhas listaxes renovadas, cunha vocación máis galeguista, aproveitando o pulo da aprobación do Estatuto. As eleccións deron como forza vencedora á Alianza Popular con 26 deputados. Xunto á UCD e ao PsdG-PSOE, as 3 forzas de ámbito estatal dominaban o Parlamento, mentres que o PCG, cun só deputado, camiñaba na senda de se converter nun partido extraparlamentario, e o ámbito nacionalista conquistaba 4 escanos (3 o BNPG-PSG e 1 EG), o que indicaba que o seu rexeitamento do Estatuto non atopara un respaldo social importante.

En Galicia vaise dar a circunstancia que, das tres nacionalidades históricas, sexa a única onde o nacionalismo quede circunscrito á esquerda, ao tempo que non xogue un papel protagonista na orixe e no goberno da autonomía. Por outra banda, o partido político que vai xestionar e desenvolver a autonomía era, a priori, o menos autonomista do arco parlamentario, mais vai desenvolverse dun xeito autonomista e mesmo tepedamente galeguista, o que, segundo Beramendi, "indica a importancia que tivo en Galicia a influencia sobre as forzas maioritarias da presión directa do nacionalismo e da indirecta a través da asunción pola esquerda estatal en Galicia de postulados que orixinariamente eran nacionalistas en exclusiva".

3. A EVOLUCIÓN POLÍTICA DA GALICIA AUTONÓMICA

3.1. O PRIMEIRO GOBERNO AUTÓNOMO

Os resultados das eleccións autonómicas de 1981 deixaban poucas posibilidades de pactos. Ante a negativa da UCD de pactar co PsdeG-PSOE, a única alternativa viable era o seu pacto cos vencedores, AP. Mais a negativa dende Madrid, así como o rexeitamento por parte dos líderes galegos, temorosos de se converter nunha forza bisagra, obrigou a Fernández Albor a constituír un goberno monocor en minoría.

Albor e Barreiro na noite electoral

O primeiro grande problema ao que tivo que facer fronte foi á cuestión da capitalidade. Ante as declaracións do Presidente, que promoveu a Santiago coma capital, cuestión na que estaban de acordo as forzas nacionalistas, a UCD permaneceu dividida e dende A Coruña se iniciou unha forte campaña para conseguir a capitalidade, incluída unha multitudinaria manifestación. Finalmente o pleno do Parlamento aprobou unha resolución que sen declarar a capitalidade de Santiago (só se fará oficial no 2002), outorgaba a Santiago a sede da Xunta, mentres que A Coruña ficaría co Tribunal Superior de Galicia e a Delegación do Goberno en Galicia. Boa proba da forza do localismo, a aprobación contou con 7 votos en contra, todos de deputados residentes na Coruña, aínda que de diferentes forzas políticas.

Neste momento comézanse a pór as bases da Administración galega, así como a negociar e xestionar o comezo do proceso de transferencias. As eleccións de 1982 certificaron o afundimento da UCD, mentres que os nacionalistas colleitaban os seus mínimos resultados electorais. Dentro dos primeiros, a imposibilidade de unir posturas leva a división dos seus representantes en tres forzas políticas: 12 dos seus deputados pactan con AP garantir a estabilidade do goberno, arredor de E. Gómez Franqueira xorde unha nova forza política, *Centristas de Ourense*, ao que se achegará o PG, acabándose por formar outra forza, *Coalición Galega*; mentres que deputados vinculados a E. Marfany intégranse no *Partido Demócrata Popular* (PDP), coa intención de controlar a Deputación da Coruña.

No tramo final da lexislatura comezaron as discusións públicas sobre os efectos para a economía galega das negociacións da entrada de España na CEE, así como os efectos que xa se estaban a sentir na industria da construción naval pola reconversión industrial promovida dende o goberno central socialista, o que puña ao PsdeG-PSOE nunha situación moi complicada. A loita político-social vai intensificarse, convocándose dúas folgas xerais, a primeira de grande éxito o 12 de xullo, e unha segunda o 29 de novembro.

A volta dos restos de Castelao a Galicia foi un feito de grande relevancia simbólica e os conflitos que xerou, mesmo con liortas públicas co cadaleito zarandeado, supuxo un episodio que aínda segue presente na memoria popular.

3.2. O SEGUNDO GOBERNO ALBOR E A EXPERIENCIA DO TRIPARTITO

Os resultados das eleccións de maio de 1983 non provocaron unha modificación substancial do Parlamento, gañando as eleccións a coalición AP-PDP-UL (34), resultando o PsdeG-PSOE (22) a primeira forza da oposición. *Coalición Galega* (CG) convertíase na terceira forza (11), mais o seu respaldo electoral baseábase nas provincias do interior, quedando 3 escanos para o PSG-EG e 1 para o BNG.

A coalición vencedora vivía unha constante loita interna entre os seus líderes provinciais e locais. CG, que xurdira da fusión do *Partido Galego Independente*, *Centristas de Ourense* e unha escisión do PG, tamén era vítima dos personalismos e das loitas intestinas. Na esquerda as tensións eran tamén patente, cunha loita pola secretaría xeral do PsdeG-PSOE entre o alcalde de Vigo, M. Soto e F. González Laxe, mentres que o PCG vivía inmerso na loita estatal entre os partidarios de Carrillo e os do novo secretario xeral, Gerardo Iglesias. Por último, mantívose a desunión entre as forzas nacionalistas, establecéndose novas alianzas: por unha banda o BNG, con Beiras coma líder, e por outra o PSG e EG, con C. Nogueira como máximo representante.

A falta de unidade das forzas da esquerda impediu a presentación dunha candidatura alternativa á da CP. As propias negociacións para as votacións da investidura amosou a fonda división dentro do seo de CG, entre quen apoiaban a elección de Albor coa abstención e quen defendían unha coalición cos socialistas.

Despois da reelección de Albor, non tardaron en xurdir as diferenzas dentro da coalición gobernante. No outono de 1986 as discrepancias fanse públicas, sendo

ELECCIÓNS XERAIS EN GALICIA (Porcentaxes sobre total de votos)

Candidaturas	1977	1979	1982	1986	1989	1993	1996	2000
BN-PG/BNG (Bloque Nacional-Partido Galeguista/Bloque Nacionalista Galego)	2,0	5,86		2,08	3,58	8,34	15,10	19,01
PSG (Partido Socialista Galego)	2,4	5,34	2,91					
PPG/PG/CG (Partido Popular Galego/Partido Galeguista/Converxencia galega)	2,4			6,16	3,41	0,29		
EG/EG-PSG (Esquerda Galega/Esquerda Galega-Partido Socialista Galego)			1,68	3,51	2,53	4,88		
PCG/IU (Partido Comunista Galego/Izquierda Unida)	3,0	4,1	1,52	0,94	1,72		3,69	1,27
PSOE (Partido Socialista Obrero Español)	20,5	16,98	32,28	35,26	34,00	36,36	33,37	23,28
UCD/CDS (Unión Centro Democrático/Centro Democrático Social)	53,8	47,53	14,42	8,42	7,72	1,54		
AP/CD/CP/PP (Alianza Popular/Coalición Democrática/Coalición Popular/Partido Popular)	13,0	13,68	36,98	38,68	38,81	48,55	48,23	53,44

ELECCIÓNS AUTONÓMICAS EN GALICIA (Porcentaxes sobre total de votos)

Candidaturas	1981	1985	1989	1993	1997
BNPG-PSG-BNG	6,18	4,21	7,91	18,68	24,70
PG/CG	3,24	12,99	3,61		
EG-PSG-EG/UG	3,33	5,71	3,74	3,11	
PCG/IU	2,89	0,83	1,51		19,4
PSOE	19,37	28,90	32,41	24,47	
UCD/CDS	27,46	3,32	2,28		
AP/CP/PP	30,10	41,14	43,65	52,21	52,10

cesado o vicepresidente, X. L. Barreiro, que defendía un cambio de presidente ante o que el cría unha lentitude do proceso de reformas, contando co apoio de parte do partido, sendo substituído por M. Rajoy. A situación de inestabilidade mantívose até o verán do ano seguinte, cando Barreiro abandonou xunto a outros 4 deputados as filas de CP. Os escindidos acabarán por se integrar en CG.

CG, cos seus novos 5 deputados, o PNG e o PsdeG-PSOE chegarán a un acordo para desbancar ao goberno en minoría de CP, pola que o socialista F. González Laxe se vai converter en Presidente da Xunta e Barreiro recupera a Vicepresidencia.

La Voz de Galicia

Fundado en 1882 por Juan Fernández Latorre

Editor: Santiago Rey Fernández-Latorre — Director: Juan Ramón Díaz García

La Coruña, viernes, 31 de octubre de 1986. Año CIV. N.º 33.707. El diario de mayor tirada de Galicia 60 ptas.

7.ª edición: La Coruña

O gobierno de Galicia

Renunciaron a sus cargos los restantes miembros del gabinete

Situación insostenible en el Gobierno gallego al negarse Albor a dimitir

Galicia propuso 22 de los 724 programas que el Gobierno presenta al Fondo Social Europeo

Veinte personas portadoras del SIDA están hospitalizadas en Ferrol

La salida de Yamani del Gobierno provoca la subida de los precios del petróleo

LA CORUÑA

* Esta noche se fallará el premio Esquio de poesía, en el Pazo de Mariñán

* Entró en funcionamiento el laboratorio de la Oficina Municipal de Información al Consumidor

Fue puesto en libertad provisional

Parece descartarse que Emilio Borrás sea responsable de la muerte del marisador furtivo

SUMARIO

Lotería Primitiva: 1 10 26 34 42 48 Complementario: 11

Portada dun xornal en plena crise do segundo goberno Albor

O Tripartito, integrado por seis socialistas, catro "coagas" e dos do PNG, non tivo tempo para desenvolver unha acción de goberno ante a proximidade do novo proceso electoral. Estivo moi condicionado polo xuízo por prevaricación ao que se viu sometido Barreiro, que ao final tivo que renunciar ao cargo. En decembro de 1987 aconteceu o accidente do *Casón*, cargado de materiais tóxicos, que puxo en evidencia a falta de coordinación entre o goberno central e o autonómico, provocando unha grande mobilización social contra as decisións tomadas na xestión do accidente.

Polo que respecta aos dous mandatos de Fernández Albor, tivo que facer fronte a moitos problemas, xa partindo da resistencia aos traspasos das competencias por parte do goberno central. Con todo asentáronse as principais institucións de Galicia, que atoparon durante a súa Presidencia acomodo. Neste período aprobarase a Lei do Valedor do Pobo, proposta por EG (1982), a Lei da Galeguidade e a de Réxime de Fundacións de Interese Galego (1983) ou a de Símbolos de Galicia (1984). Aprobaranse os Estatutos da Universidade de Santiago (1985), así como a Lei de Normalización Lingüística, proposta por C. Nogueira e aprobada por unanimidade (1983), que afirmaba que o galego era o idioma propio de Galicia, establecendo o "o dereito e o deber" de coñecelo, dotando á Real Academia Galega da autoridade normativa sobre a lingua. O goberno central opúxose a esta lei, sendo posteriormente anulado polo Tribunal Constitucional a obriga de coñecer o galego. No seu mandato van nacer moitas institucións culturais, entre as que destacan o Consello da Cultura Galega, así como os medios de comunicación públicos galegos e en galego, a Radio e a Televisión de Galicia.

3.3. A ERA FRAGA

Despois da refundación do *Partido Popular* (PP), tras a defenestración de Hernández Mancha e a elección ("sucesión ordenada") como novo líder popular do

presidente de Castela e León, José Mª Aznar, Manuel Fraga puido centrar os seus esforzos en acceder á presidencia da Xunta de Galicia. As eleccións foron adiantadas para non coincidiren co Nadal de 1989. As enquisas daban unha vitoria clara ao PpdG mais sen maioría absoluta, os socialistas tentaban aproveitar o seu labor de goberno, mentres Barreiro presentábase por CG pola provincia de Pontevedra. A participación electoral foi relativamente alta, ficando só 5 partidos con representación parlamentaria, perdendo o seu escano destacados políticos das etapas anteriores como o propio Barreiro, J. Suárez Vence ou P. González Mariñas. Finalmente, o PP conseguiu a maioría absoluta con 38 escanos, recollendo os votos perdidos polo CDS, mentres que os socialistas conseguían o seu mellor resultado até o momento e o BNG quintuplicaba os seus resultados, atraendo votantes doutras forzas de esquerda e nacionalistas.

Dende o seu inicio, M. Fraga iniciou unha política de marcado carácter personalista e populista, como mostra o propio acto de toma de posesión coa participación de máis de 1.200 gaiteiros, ao mesmo tempo que insistía nas concesións cara o galeguismo, con actos simbólicos e referencias á defensa da identidade de Galicia.

A etapa do PP de M. Fraga marcaron un cambio radical no panorama político galego. O seu indiscutible liderado no centro-dereita acabou coa pluralidade de siglas e escisións frecuentes até ese momento. Por outra banda, a decisión unilateral do PP de elevar até o 5% a porcentaxe mínima de votos para obter representación parlamentaria e a adopción por parte do BNG dun discurso máis moderado, acollendo no seu seo a todas as correntes do nacionalismo agás o independentismo, motivaron que non se puidese consolidar en Galicia unha forza política nacionalista de centro. Deste xeito, fronte a pluralidade parlamentaria do principio da autonomía, o Parlamento galego quedaría reducido a tres forzas políticas no s. XXI: PpdeG, PsdeG-PSOE e BNG.

As sucesivas maiorías absolutas permitiu a elaboración de importantes proxectos para o futuro de Galicia, que tiveron resultados moi dispares. O plan de organización comarcal, un ambicioso plan de reforma administrativa, atopou moitas resistencias e non se puido coordinar co papel das Deputacións, tamén gobernadas polo propio PP. A xestión da sanidade ou da educación tivo moitas eivas: a carencia de fondos, os modelos de xestión e mesmo resolucións que primaban os localismos impediron uns maiores realizacións. A política cultural orientouse cara á realización de grandes eventos, onde os sucesivos Xacobeos son unha boa proba. Mais durante os seus mandatos produciuse un gran avance nas infraestruturas, sobre todo no relativo á unión coa Meseta a través das autovías.

Manuel Fraga, Presidente da Xunta durante 4 lexislaturas consecutivas

Nas eleccións de 1997, onde o PP revalidou a súa cómoda maioría absoluta, converténdose o BNG por primeira vez en segunda forza política, ao obter 18 escanos. Catro anos máis tarde, Fraga conseguía a súa cuarta maioría absoluta, fronte a 17 escanos dos nacionalistas e outros tantos dos socialistas, nun momento onde o poder do PP crecía grazas á maioría absoluta conseguida nas eleccións xerais.

Neste último mandato do goberno Fraga, as disensións internas, froito dos diferentes posicionamentos ante unha posible sucesión, fixéronse patentes. A isto hai

que sumar a xestión da catástrofe do *Prestige*, o petroleiro que se afundiu ante as costas de Galicia, que motivou a conformación dun movemento social de gran extensión, Nunca Máis, así como a maior manifestación popular da historia contemporánea de Galicia. As críticas á acción do goberno galego uníanse ás xa amosadas con anterioridade pola xestión do problemas das *vacas loucas*. Os problemas internos do goberno galego e de sectores do PPdG coa dirección nacional do PP, rematou coa dimisión de J. Cuíña, Conselleiro de Obras Públicas, até aquel momento home forte dos gobernos Fraga.

Nunca Máis mobilizou á sociedade galega

O *Prestige*, a guerra de Iraque e as batallas internas no partido ían erosionando pouco a pouco ao PP, como se observou nos resultados electorais das municipais do 2003. A vitoria socialista nas eleccións xerais de marzo do 2004 supuxo que por segunda vez consecutiva a suma de votos entre socialistas e nacionalistas superasen aos dos populares en Galicia. O PP e Fraga decidiron repetir como candidato para 2005, ante unha ameaza real de que Cuíña e o presidente da Deputación de Ourense, Baltar, puidesen provocar unha escisión no partido en Galicia. Así, o PP acudiu ás eleccións cunha imaxe de unidade, despois de que tivese lugar o seu Congreso, mais sen solventar as disputas de fondo. Disputas que tamén eran extensibles á principal forza nacionalista, o BNG, coa traumática saída do seu líder X. M. Beiras, que era substituído polo ex alcalde de Allariz A. Quintana grazas ao apoio da UPG, co que se vai percibir unha imaxe de bicefalia. E nos socialistas repetía candidatura E. Pérez Touriño, nun partido que ofrecía unha imaxe de unidade como nunca antes se vira. E nas eleccións do 19 de xullo de 2005 acabou a era Fraga, a causa da coalición de socialistas (25 escanos) e BNG (13 actas) que chegaban da man á Xunta e que ían inaugurar o denominado *bipartito*.

4. GALICIA NA UNIÓN EUROPEA: AS CONSECUENCIAS DA SÚA INTEGRACIÓN

4.1. OS EFECTOS SOBRE AS ACTIVIDADES FUNDAMENTAIS DA ECONOMÍA GALEGA

4.1.1. O sector agrario

A integración na CEE no ano 1986 afectou ao marco económico e institucional no que se desenvolve o **sector agrario**. Por unha banda, pola ruptura do proteccionismo existente con anterioridade para os produtos alimentarios no mercado español, que se tivo que abrir de modo relativamente rápido aos intercambios comunitarios que eran, ademais, moi competitivos coas principais producións galegas. E por outra, pola obrigación da aplicación da política agraria común (PAC).

O comportamento da agricultura galega no período transcorrido desde a integración na Unión Europea é notablemente inferior ao rexistrado no conxunto da agricultura española, tanto en termos do valor xerado como nun maior descenso de ocupados. As causas deste comportamento diferencial parecen debidas no campo económico a un menor dinamismo para todas as producións, coa única excepción do leite, e a un maior incremento nos gastos.

Pola súa banda, a maior intensidade do axuste pode estar ocasionada polo efecto acumulado do éxodo rural nas anteriores décadas que resultou nun maior grao de envellecemento, pero que tamén estivo afectado polos estímulos provocados pola aplicación dalgunhas políticas comunitarias, como as cotas do leite, que incentivaron o abandono desta produción.

A pesar das previsións negativas existentes no tempo da integración sobre a aplicación das cotas do leite, esta produción logrou duplicar o seu volume grazas aos incrementos de cota alcanzados para o conxunto de España, así como a un maior dinamismo destas explotacións e ao seu notable esforzo de investimento na adquisición das cotas.

Cando España se integra na CEE, prodúcese unha reorientación da PAC, até aquel momento moi proteccionista, na busca de garantir uns prezos mínimos nas principais producións. A partir deses anos comezou un período de cambios co establecemento de medidas restritivas á produción para facer fronte aos elevados excedentes nas principais producións. As medidas máis estritas foron aplicadas no caso do leite por medio das cotas, pero tamén foron afectando a outras producións, sobre todo a partir do ano 1992, reducindo o apoio aos mercados e establecendo como compensación unhas axudas directas. O seu importe foi establecido en función da produción existente, aínda que foi aplicado de modo desigual nas distintas producións co que deu lugar a niveis moi diferentes de apoio. Precisamente, a menor importancia relativa das producións cun maior nivel de apoio como os cereais, xunto con criterios inadecuados á nosa situación, como ocorreu no vacún de carne, levou a que o importe das axudas recibidas en Galicia fose baixo. Deste xeito, o apoio directo destas axudas na agricultura galega equivalía a un 37% da media española no ano 1999, un desfasamento que se corrixiu en parte nos últimos anos coas novas axudas percibidas no leite.

4.1.2. A pesca

A integración de España na UE supuxo a adopción da Política Pesqueira Común (PPC), establecida en 1983. Como consecuencia, España pasou a formar parte das Organizacións Comúns de Mercado (OCM), que fixan o prezo dos produtos. Despois da adhesión, liberalizáronse os intercambios pesqueiros coa CE, tras un

período transitorio de dez anos, pasándose a adoptar as directrices comunitarias en materia de pesca.

Na defensa da biodiversidade mariña, a UE promoveu políticas na busca da súa conservación que non beneficiaron á frota galega. Galicia, que posuía a maior frota pesqueira, viu como se reducían as súas cotas de pesca ao tempo que era obrigada a reconverter o sector, reducindo e modernizando os barcos.

A redución do tamaño da frota realizouse por medio de prexubilacións, despezamentos dos barcos, retiradas permanentes ou temporais da pesca, reorientación dos buques á actividades diferentes á pesca, ou o traspaso dos barcos a sociedades pesqueiras mixtas en terceiros países, co fin de aproveitar os seus caladoiros. A renovación e modernización da frota, que fora financiada pola UE ae o 2004, foi suprimida e as axudas limitáronse a buques de menor tonelaxe.

Ao mesmo tempo, a normativa comunitaria establecía novas normas de seguridade, sanidade e benestar animal, para o que era necesario unha frota moderna. A correcta manipulación do peixe, a etiquetaxe, a trazabilidade, serviría para dar resposta ás esixencias de calidade por parte da demanda.

4.1.3. A construción naval

O sector da construción naval sufriu unha forte reconversión, reducíndose de forma notable as súas instalacións e os seus empregados, sobre todo na comarca do Ferrol. Como xa indicamos con anterioridade, este proceso de reconversión foi iniciado polo primeiro goberno socialista de Filipe González, xa antes da entrada na CEE, o que motivou un aumento da conflitividade e importantes folgas no seu momento.

A mellora da produtividade fixo que posteriormente uns estaleiros galegos, xa de menor tamaño, ocupasen o seu lugar dentro do competitivo mundo da construción naval. Mais a viabilidade de futuro desta industria depende dos acordos no seo da Unión Europea, como é a restrición para a construción naval civil dos estaleiros de Ferrol, que se teñen que dedicar exclusivamente á construción militar.

4.2. A CHEGADA DOS FONDOS ESTRUTURAIS E DE COHESIÓN

Tras a adhesión de España á Unión Europea o 1 de xaneiro de 1986, o noso país foi receptor dun elevado importe de axudas comunitarias de fondos estruturais destinados a corrixir os desequilibrios rexionais.

A pesar de que Galicia recibiu ao redor dun 12% do investimento dirixido a España, mantívose ao longo dos últimos vinte anos como a terceira ou a cuarta autonomía cun menor PIB por habitante, nun contexto de paulatino descenso do peso relativo da nosa poboación no conxunto do Estado.

Os aproximadamente once mil millóns de euros que Galicia percibiu dos Fondos estruturais europeos neste período sitúan á nosa comunidade como a segunda que máis fondos recibe, por detrás de Andalucía. De engadirmos o importe do investimento financiado polo Fondo de Cohesión, cuxo peso relativo en Galicia é similar ao dos fondos estruturais, á Comunidade Autónoma galega asignaríanselle algo máis de doce millóns cincocentos mil euros, o 11,7% do total estatal.

A pesar deste notable esforzo investidor, se o éxito ou a eficacia da política rexional se medise pola evolución do indicador PIB *per cápita* e a súa converxencia activa ás medias comunitaria e española, estaríamos ante un preocupante balance, xa que aínda que Galicia foise achegando a unha converxencia coa media europea, non deixa de ser certo que esa evolución é inferior á rexistrada tanto polo conxunto de rexións obxectivo 1 como pola media española e pola do conxunto de autonomías españolas que non son obxectivo 1.

A importancia do volume do gasto da UE supón Galicia un 5,2% do seu PIB (só superada por Estremadura, cun 5,4%), 1,4 puntos porcentuais por encima da media para o conxunto das rexións obxectivo 1, e 3,3 puntos máis que en España. O gasto en infraestruturas físicas supuxo en Galicia o 55,4% do investimento total nese concepto, o que a converte na Comunidade Autónoma catalogada como obxectivo 1 con maior peso relativo (o 47,8% no conxunto destas comunidades autónomas e o 29% de media en España).

De centrármonos no impacto da chegada destes Fondos en termos de renda e de emprego, aínda que tiveron uns efectos palpables para ir converxendo coa media europea, os datos habería que tomalos con prudencia, sobre todo se nos atemos a medio e longo prazo, porque os recursos se centraron basicamente nas áreas de infraestruturas, baseándose nos problemas de accesibilidade e no déficit de infraestruturas no contexto español, e na de atracción de capital estranxeiro, facéndose relativamente pouco naquelas áreas que xeran unha maior actividade económica e que xeran emprego a longo prazo: promoción de recursos endóxenos e o apoio á reestruturación de empresas locais.

A autovía A-52 á altura do túnel da Canda

O balance macroeconómico de Galicia na Unión Europea contén aspectos positivos e negativos. O PIB galego creceu de modo destacable en termos absolutos e produciuse unha necesaria e atinada transformación da estrutura produtiva de Galicia. Pero crecemos claramente menos que o resto do Estado e só algo máis que a media da UE-15. Tamén crece de modo significativo o emprego, pero de novo menos que en España; a taxa de paro mellorou de xeito importante, mais manténdose por riba de media europea, mentres que os salarios dos traballadores

diminuirían con respecto a esa media, o que reflectiría o empeoramento en termos comparativos da calidade dos postos de traballo en termos de estabilidade e salarios.

Pola contra, é rechamante que cunha menor capacidade produtiva teñamos unha pegada ecolóxica máis forte que a media española e ata que a media da Euroupa occidental. En último termo, é preocupante o proceso de envellecemento da poboación galega que incrementa a taxa de dependencia, eleva o custo da provisión dos servizos públicos e, dado o potencial fiscal de Galicia, agrava tamén a nosa dependencia fiscal.

4.3. A EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

A Unión Europea estruturou o seu territorio en oito grandes eurorrexións que comparten espazos comúns, ficando Galicia integrada no chamado Arco Atlántico, formado por trinta rexións de cinco país, un territorio que abrangue unha ampla franxa do litoral europeo, estendéndose dende a costa norte de Francia até Andalucía Occidental.

O Arco Atlántico agrupa a zonas moi heteroxéneas, con problemas moi diferentes. As prioridades da UE para esta zona son as de fortalecer e completar a rede de infraestruturas, favorecer o desenvolvemento de polos tecnolóxicos especializados, impulsando medidas dirixidas á innovación, así como colocar o mar como eixe fundamental das súas actuacións.

Para a Unión Europea é importante fomentar o proceso de integración entre as diferentes rexións dos diferentes países. Para isto creou a iniciativa *Interreg*, financiada polo *Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional* (FEDER). Neste sentido, no ano 1991 configurouse a eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal, co fin de favorecer a elaboración e a presentación de proxectos de cooperación conxuntos. Esta eurorrexión convértese nun espazo de forte interrelación social, económica e cultura, cun gran potencial de desenvolvemento. Neste sentido están a traballar na colaboración no eido da política urbana, infraestruturas, saúde, educación, cultura, pesca ou nas políticas sobre o medio natural.

6. BIBLIOGRAFÍA

BERAMENDI GONZÁLEZ, J. *A Gran Historia de Galicia, tomos 31-32,* A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.

DE JUANA, J.; PRADA, J. *Historia Contemporánea de Galicia*, Barcelona, Ariel, 2005.

OBELLEIRO, L. E ALONSO, B. “Idade Contemporánea”, en *Historia de Galicia*, Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1991.